# REVISTA MENSUAL

# HORTOCOLIÑA

**XANEIRO 2021**










# OS NENOS E NENAS DE 2º A PLANTAN ALLOS





Plantación de allos

Hoxe plantamos allos.

1º Botamos terra na maceta.

2º Separamos os dentes.

3º Facemos un furadiño co dedo.

4º Metemos o dente e tapámolo.

5º Botámoslle auga.

Toca esperar!

REFRÁN

Se queres ter bo alleiro
planta en xaneiro.

# ADIVIÑAS DE 2º A

## ADIVIÑA.

Unha señorita, moi señoreada,
leva sombreiro verde,
e blusa colorada.
Quén é?



Somos redondiñas,
dulces como a mel,
písannos e písannos
e logo a beben.



## O BESTIARIO

Os bestiarios eran libros de época medieval no que había debuxos de animais fantásticos e lendas sobre eles. En 3ºA, Hugo está a facer unha colección de bestas inventadas e descritas por el mesmo. Aquí vos deixamos unha delas.



**SABOL.**

É de cores como vermellos e verdes. Come insectos e barracudas. Pode camiñar pola auga e é rápido pero un pouco torpe. Non lle fará nada aos humanos se non o molestas. Os seus dentes son moi afiados. As súas garras son afiadas e laranxas en brazos moi pequenos. É durmiñón é gústalle dicir “buuuu” e tocar o piano.

# OUTRA DE ADIVIÑAS DE 4º A

Rita

Ando e non ten pés,
come, e non ten boca, e
toda a comida lle parece
pouca. Que é?



Saímos ao anoitecer
imonos cando canta o
galo hai quen di que nos
ve cando lle pisan
un pé.



**LABERINTO DE FROITAS**

Os nenos e nenas de 4º A crearon este "labirinto de froitas". Queredes xogar? Seguro que o pasades moi ben e aprendedes moitas cousas das froitas e verduras.



**RECOMENDACIÓNS SAUDABLES DE 4ºA**



# PARA RIR


Xoanín encontrou a Xaimito chorando e lle pregunta...
- Xaimito, por que choras?
- Porque a miña avoa caeu dende o 3º piso e agora está no ceo!
C... si que rebotou a vella!
5º A: Carlos e Hugo

# RECOMENDACIÓNS LECTORAS

Gustaríame recomendarvos o libro de “Esmeraldina a cociñeira defunta” que acabo de rematar de ler, porque considero que é un libro moi interesante, fácil de ler, entretido e que me enganchou dende o primeiro momento.

Nel trátanse as diferentes emocións polas que pasamos as persoas intriga, tristeza, e alegría entre outras.

Conten historias do máis extravagantes como unha invasión de mortos no hotel, un neno que pode ver pantasmas, etc.

Ademais está escrito por unha escritora da nosa terra, Ledicia Costas e ilustrado con debuxos de Víctor Rivas, debuxante galego.

Anímoche a que o leas e compartas a túa opinión

**INFORMACIÓN:**




**TITULO:** Esmeraldina a pequena defunta

**AUTORA**: Ledicia Costas

**ILUSTRADOR:** Víctor Rivas

**EDITORIAL:** Xerais

**COLECCIÓN:** Merlín

# DÍA DA PAZ 6ºA

O día da paz celebrouse por primeira vez o día 29 de novembro de 1948. Celébrase ese día en honor a Gandhi, líder nacional e espiritual da India, que foi asasinado no ano 1948 por unha integrista Hindú.





Para celebrar este día tan especial fixemos unha serie de actividades no colexio, un grafiti con palabras relacionadas coa paz, amigos, amizades, etc.




A continuación fixemos uns debuxos relacionados coa paz.



A PAZ NON SE PODE LOGRAR A TRAVÉS DA VIOLENCIA, SÓ PODE LOGRARSE A TRAVÉS DA COMPRENSIÓN.

SE NON QUERES VIOLENCIA TES QUE TER PACIENCIA .